

# I CONCURSO DE CARTEIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

## A NOSA BIBLIOTECA

Con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, celebrado o 25 de novembro de 2015, A nosa Biblioteca organiza o I Concurso de Carteis contra a Violencia de Xénero, dirixido a alumnos de ESO e BACHARELATO.

## BASES DO I CONCURSO DE CARTELES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### Destinatarios

Poderán concorrir ao concurso todos os alumnos de ESO e Bacharelato.

### Temática e lema:

Centrarase na necesidade de establecer límites nas nosas relacións, de rexeitar as imposicións e sometementos, respectándonos e procurando a autonomía persoal.

O tema será “En Igualdade. Ser rapaz ou rapaza hoxe”.

### Participación:

Cada participante ou grupo de participantes poderá presentar un máximo de dous carteis que deberán ser orixinais. Os carteis presentaranse en cartulinas, en folios de cores, en folios brancos ou en calquera outro soporte, de calquera tamaño, e terán que ir acompañadas dun eslogan ou dun título. Valorarase a relación co tema proposto, a calidade estética, a forza expresiva e a orixinalidade da composición e o título.

### Premios:

Un xurado formado por profesorado e alumnado escollido polo Equipo da Biblioteca concederá dous premios por categorías:

- Alumnado de 1º/2º/3º ESO. Un vale por valor de 25 euros.
- Alumnado de 4º ESO/1º/2º BACHARELATO. Un vale por valor de 25 euros.

Os carteis poderán ser expostos en distintos lugares do centro e poderán inserirse fotografiados na web do centro ou no blog da biblioteca e incluírse na revista do centro.

**Prazo de presentación:**

Deberán deixarse na biblioteca, co nome, apelidos e curso do participante ou grupo de participantes no reverso da cartulina, antes do **venres 27 de novembro**.